



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL. 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. núm. 2024/C004/000005

Ref.: MGM

INFORME DO ÓRGANO DE ASISTENCIA AO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN NA APERTURA DAS OFERTAS ECONÓMICAS DA LICITACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, TRAMITACIÓN SÚPER SIMPLIFICADA, DO CONTRATO DE SERVIZOS “PROGRAMA INTEGRAL DE EMPREGO 2023-2024”. LOTES 5 E 6

O día 10/07/2024, ás 12:45 horas, procedeuse á apertura das ofertas económicas no procedemento mencionado, segundo as previsións contidas nos pregos de cláusulas administrativas que rexen esta licitación.

Unha vez abertas as ofertas determináronse as ofertas incursas en valores anormais ou desproporcionados. De seguido, propúxose requirir aos licitadores que presentaron ofertas con valores anormais ou desproporcionados para que achegasen no prazo de tres días hábiles contados a partir do envío da notificación pertinente, a documentación que esixe o prego de cláusulas administrativas particulares, xustificativa dos valores contidos na súa oferta, de acordo co procedemento descrito no artigo 149 da LCSP. As ofertas con valores anormais ou desproporcionados son as dos seguintes licitadores:

- A3M Auditores & Consultores del Noroeste, SL: lote 5 (Servizo de auditoría)
- Manuel Tojeiro Sánchez: lote 6 (Servizo de coidado de menores)

Lote 5: Servizo de auditoría

O requirimento remitiuse ao licitador, A3M Auditores & Consultores del Noroeste, SL, en data 29/07/2024 (Identificador de comunicación 2024-NOT-05231871). No prazo conferido para o efecto, o licitador, presenta a documentación xustificativa da oferta anormal. A documentación remitiuse ao redactor do prego técnico para a emisión do informe técnico de valoración pertinente.

O informe relativo á oferta con valores anormais ou desproporcionados ten data do 12/08/2024. De acordo co citado informe, conclúese o seguinte: “[...] *A la vista de todo lo anterior, se comprueba que la documentación presentada y los argumentos relacionados con la justificación de costes aportados, JUSTIFICAN SUFICIENTEMENTE la VIABILIDAD de la OFERTA PRESENTADA*”

O contido íntegro do informe de valoración poden consultarse no perfil do contratante desta licitación no seguinte enlace: https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink%3Adetalle_licitacion&idEvl=yMpKdKqGgH6opEMYCmrbmw%3D%3D

Unha vez analizada a documentación presentada e o informe técnico emitido, propónse ao órgano de contratación admitir a oferta do licitador A3M Auditores & Consultores del Noroeste, SL, relativa ao lote 5.

A puntuación obtida pola empresa na licitación, e a clasificación por orde de puntuación final, é a seguinte para o lote 5:

Contrato/concurso: Programa Integrado de Empleo. Lote 5

Prezo de licitación: 2066,12 €

Nº	Licitador	Oferta económica	Baixa (%)	Puntuación económica	Val.	Total
1	A3M Auditores & Consultores del Noroeste, SL	1450,00	29,82	100		100

Na acta da sesión do 10/07/2024, de acordo co artigo 159.4 e 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL. 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. núm. 2024/C004/000005

Ref.: MGM

contratos do sector público (en diante, LCSP), aplicable, de acordo co artigo 159.6 da LCSP, supletoriamente no procedemento aberto súper simplificado, propúxose ao órgano de contratación a adjudicación a favor do licitador que presentou a proposición que contén a oferta economicamente máis vantaxosa, o licitador A3M Auditores & Consultores del Noroeste, SL, cunha oferta económica de 1450,00 €/h (sen IVE) e de 1754,50 € (con IVE) e unha puntuación da valoración económica de 100,00 puntos.

De seguido, ao abeiro do artigo 159.4.3º, da LCSP, comprobouse se o licitador proposto como adxudicatario está inscrito no ROLECE ou no rexistro equivalente autonómico. Dado que se atopa inscrito en ámbolos dous rexistros, queda acreditado que a empresa goza de capacidade xurídica e de obrar, o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta e non está incurso en ningunha prohibición para contratar. O licitador non achega a habilitación empresarial. Para este lote non se esixe solvencia económica nin técnica.

O día 13/08/2024 (Identificador de comunicación 2024-NOT-05283243) requíreselle ao licitador para que presente a habilitación empresarial esixida no prego.

O día 13/08/2024 (RE núm. 3134) o licitador presenta a alta no Rexistro Oficial de Auditores de Contas como se solicita no PCAP.

O licitador está ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social. O Concello das Pontes verificou que o licitador está ao corrente das obrigas tributarias co concello.

Lote 6: Servizo de coidado de menores

O requirimento remitíuselle ao licitador, Manuel Tojeiro Sanchez, en data 31/07/2024 (Identificador de comunicación 2024-NOT-05239478). No prazo conferido para o efecto, o licitador, presenta a documentación xustificativa da oferta anormal. A documentación remitiuse ao redactor do prego técnico para a emisión do informe técnico de valoración pertinente.

O informe relativo á oferta con valores anormais ou desproporcionados ten data do 13/08/2024. De acordo co citado informe, conclúese o seguinte: “[...] *A la vista de todo lo anterior, se comprueba que la documentación presentada y los argumentos relacionados con la justificación de costes aportados, JUSTIFICAN SUFICIENTEMENTE la VIABILIDAD de la OFERTA PRESENTADA*”

O contido íntegro do informe de valoración poden consultarse no perfil do contratante desta licitación no seguinte enlace: https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink%3Adetalle_licitacion&idEvl=yMpKdKqGgH6opEMYCmrBMW%3D%3D

Unha vez analizada a documentación presentada e o informe técnico emitido, propónse ao órgano de contratación admitir a oferta do licitador Manuel Tojeiro Sánchez, relativa ao lote 6.

A puntuación obtida pola empresa na licitación, e a clasificación por orde de puntuación final, é a seguinte para o lote 6:

Nome do contrato: Programa Integrado de Emprego. Lote 6

Prezo de licitación: 4,40€/h

Nº	Licitador	Oferta económica	Baixa (%)	Puntuación Val. económica	Total
1	Manuel Tojeiro Sánchez	2,72	32,00	100	100

Na acta da sesión do 10/07/2024, de acordo co artigo 159.4 e 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (en diante, LCSP), aplicable, de acordo co artigo 159.6 da LCSP,



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL. 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. núm. 2024/C004/000005

Ref.: MGM

supletoriamente no procedemento aberto súper simplificado, propúxose ao órgano de contratación a adxudicación a favor do licitador que presentou a proposición que contén a oferta economicamente máis vantaxosa, o licitador Manuel Tojeiro Sánchez, cunha oferta económica de 2,72 €/h sen IVE e de 2,99€/h con IVE e unha puntuación da valoración económica de 100 puntos.

De seguido, ao abeiro do artigo 159.4.3º, da LCSP, comprobouse se o licitador proposto como adxudicatario está inscrito no ROLECE e no rexistro autonómico equivalente. Dado que non se atopa inscrito neses rexistros, deberá acreditar que a entidade goza de capacidade xurídica e de obrar, o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta e non está incurso en prohibición para contratar. Neste lote non se esixe solvencia económica. Para xustificar a solvencia técnica achega a certificación do Rexistro Central de delinquentes sexuais que esixe o artigo 57 da Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral a infancia e adolescencia fronte á violencia do persoal adscrito ao servizo, porén non acredita que dispón dos medios persoais esixidos polo que deberá aportar a documentación.

O día 13/08/2024 (Identificador de comunicación 2024-NOT-05283901) requíreselle ao licitador para que acredite os extremos sinalados.

O día 19/08/2024 o licitador achega, a través da Plataforma de contratación do sector público, a seguinte documentación:

- Para acreditar a capacidade xurídica presenta o DNI como persoa física e o xustificante de pago da TGSS correspondente ao réxime especial de autónomos. Para xustificar a capacidade de obrar presenta o certificado de alta no censo de actividades económicas da AEAT no que figura o obxecto social, que se corresponde co lote 6 do PCAP.
- Presenta declaración responsable na que declara que non está incurso en prohibicións de contratar de acordo co art. 71 da LCSP.
- Así mesmo, acredita os medios persoais de acordo co establecido no PCAP.

O licitador está ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social. O Concello das Pontes verificou que o licitador está ao corrente das obrigas tributarias co concello.

En conclusión, a documentación que presentan os licitadores, tanto do lote 5 coma do lote 6, cumpre co previsto no prego que rexe a licitación, co que se informa favorablemente a súa adxudicación.

As Pontes de García Rodríguez, 23 de agosto de 2024

A administrativa do Departamento de Contratación

O secretario accidental